

## Como te desprazas?

Eficiencia nos desprazamentos segundo o tipo de vehículo. Gasto de combustible estimado para un desprazamento de 15 km con tramo urbano e extraurbano e previsión de retención de 5 minutos.

### Turismo, diésel. Vigo - As Lagoas-Marcosende

Combustible: gasóleo A

Prezo combustible: 1,36 €/litro

Distancia en km: 15

Velocidade media: 60 km/h

Litros de combustible consumidos: 1,15

Custo do combustible necesario en €: 1,56

Custo do combustible necesario ida e volta en €: 3,13

Custo do combustible por km en €: 10 céntimos

Custo do combustible por semana (5 días) en €: 16

**Custo do combustible ao mes en €: 63**

(\*)Consumo mixto (urbano-extraurbano) de 6,8 litros/100km.  
Custos da previsión de retención engadidos.

### Turismo, gasolina. Vigo - As Lagoas-Marcosende

Combustible: gasolina súper 95

Prezo combustible: 1,46 €/litro

Distancia en km: 15

Velocidade media: 60 km/h

Litros de combustible consumidos: 1,40

Custo do combustible necesario en €: 2,04

Custo do combustible necesario ida e volta en €: 4,09

Custo do combustible por km en €: 14 céntimos

Custo do combustible por semana (5 días) en €: 22

**Custo do combustible ao mes en €: 82**

(\*)Consumo mixto (urbano-extraurbano) de 8,8 litros/100km.  
Custos da previsión de retención engadidos.

## ECONOMÍA DO TRANSPORTE

### Autobús Línea Vitrasa: Vigo - As Lagoas-Marcosende

Da Praza de América (U1) e da paraza de España (U2) parten dúas lanzadeiras cunha frecuencia de 20 minutos ata o campus nas Lagoas-Marcosende. Ademais s liñas 8 e C15C pasan cada hora con varias paradas repartidas por toda a cidade.

- Tarxetas de transporte:

Normal: 0,86 €      **Custo mensual: 34,4 €**

Universitaria: 0,65 €      **Custo mensual: 26 €**




(\*) Custo mensual para meses de 4 semanas.  
Supoñendo un desprazamento de 5 días á semana.

### Vehículo compartido

Compartir vehículo é outra boa alternativa.

Existen plataformas como *blablacar*

ou *carpooling* que che permiten coñecer persoas co teu mesmo itinerario. Anímate a compartir!



### Servizo de Prevención de Riscos Laborais Oficina de Medio Ambiente




Edificio Isaac Newton, 2º andar  
Campus de Vigo (As Lagoas-Marcosende)  
36310 Vigo (Pontevedra)

# MOBILIDADE SUSTENTABLE

## PLAN DE MOBILIDADE SUSTENTABLE E SEGURIDADE VIARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO



UniversidadeVigo



## Emisións de dióxido de carbono

Un vehículo convencional adquire a enerxía que se encontra almacenada nun combustible fósil, que se libera mediante a combustión no interior dun motor térmico convencional. Estes combustibles fósiles son primordialmente derivados do petróleo: gasolina e gasóleo. Durante este proceso libérase CO<sub>2</sub>.

A emisión deste gas por un vehículo ten relación co consumo de combustible: (Fonte: IDAE)

TURISMOS	Gasolina	Gasóleo
kg CO <sub>2</sub> /litro	2,32	2,6
por cada litro percórrense (km)	13	16
emisións CO <sub>2</sub> /km	0,178	0,163

Estes poden estar suxeitos a variación en función de cada vehículo.

A estes datos debemos sumar os custos ambientais da súa produción e do seu mantemento, así como a gran cantidade de residuos que xeran: aceite, rodas, filtros, freos, etc.

### Aproximación das emisións de CO<sub>2</sub> segundo o medio de transporte

Para un desprazamento dende Vigo ata o campus nas Lagoas-Marcosende, supoñendo un traxecto de 15 km, obteríamos:

#### Turismo diésel

- ⇒ Emisións diarias (30 km): 4,9 kg de CO<sub>2</sub>
- ⇒ Emisións mensuais (4 semanas): 98 kg de CO<sub>2</sub>

#### Turismo gasolina

- ⇒ Emisións diarias (30 km): 5,34 kg de CO<sub>2</sub>
- ⇒ Emisións mensuais (4 semanas): 106,8 kg de CO<sub>2</sub>

Mentres que facendo uso do transporte colectivo como o bus as emisións redúcense entre un **65%** e un **75%** por persoa e km.

### Como reducir o consumo e aforrar?

- Planifique a ruta e escolla o camiño menos conxestionado.
- Evite a sobrecarga do vehículo. Só o uso da baca, baleira ou non, pode aumentar o consumo do carburante ata un 35%. É aconsellable retirala se non se está a usar.
- Faga uso do aire acondicionado con moderación xa que incrementa ata un 20% o consumo de carburante.
- Non leve as xanelas totalmente abertas cando conduza, pois incrementa o consumo notablemente.
- Revise a súa técnica de conducción. Para o mesmo traxecto, en función da técnica de cada persoa que conduce, o consumo de combustible pódese incrementar ata un 20%.
- Non utilice o coche para traxectos curtos. Pode chegar a consumir máis de 10 litros/100 km en pequenos traxectos urbanos.
- O transporte público, a bici ou camiñar, no caso de distancias curtas, son boas alternativas para realizar os desprazamentos.

